

ACTA ASAMBLEA ORDINARIA DE AGPI (29-10-16 SANTIAGO)

INICIO DA ASAMBLEA AS 18H (POR RETRASO DAS CHARLAS), 18 SOCIOS PRESENTES

- LECTURA DA ORDE DO DÍA

- LECTURA DA ACTA DA ASAMBLEA EXTRAORDINARIA E ORDINARIA

- APROBRACIÓN DA ACTA (17 VOTOS A FAVOR) (MANEL CRANEO CHEGOU MÁIS TARDE)

- LECTURA DO INFORME ECONÓMICO 2015-2016

- APROBACIÓN DO INFORME ECONÓMICO (18 VOTOS A FAVOR)

- PREVISIÓN DA TESOURERÍA PARA O VINDEIRO EXERCICIO
 - Igual que o pasado exercicio, preveese un balance positivo, despois da recuperación acadada gracias axustes e aforro da actual XD

- REPASO DAS ACTIVIDADES REALIZADAS DURANTE O 2015-2016
 - Cabe destacar que se esta a traballar na relación coa XUNTA e coa Dirección de Bibliotecas para acadar maior visibilidade e que se nos teña en conta en diferentes proxectos e actividades, tales como as Feiras Internacionais ou o Día da Ilustración. Tamén se falou do tremendo éxito da Guía Ninja, que vai a acadar difusión europea gracias o interese do EIF.

- PROXECTOS PARA 2017 EN DIANTE
 - Día da Ilustración: Guitián está a preparar, co apoio de Luis Sendón, a creación dun vídeo viral que vai servir de base para crear unha conmemoración similar a que se fai o Día das Letras Galegas. Pretendese difundir este vídeo en redes, escolas e bibliotecas, e plantexar actividades en torno a figura do ilustrador escollido, que este ano será Álvaro Cebreiro.

 - Renovación WEB: plantexouse como proxecto anual para 2017 a renovación da web da asociación, xa que ten máis de 10 anos e está obsoleta tanto na súa estrutura como a nivel gráfico. A

intención é mellorar as súas funcionalidades tanto a nivel interno, como para difusión do traballo dos socios e de noticias relacionadas coa AGPI e a ilustración. Este proxecto recibiu unha boa acollida dos socios presentes, e de ter apoio económico das institucións, levarase a cabo ao longo do vindeiro ano.

- Campaña por unhas bases xustas: este proxecto plantexase como unha campaña orientada principalmente as institucións, para facerlles entender cales son as cláusulas que deberían ter nas bases dos seus concursos, e tamén as que deberían desterrar ou modificar, para protexer e respetar o traballo dos ilustradores, pero tamén doutros creativos. É unha idea para un proxecto que aínda estase a madurar, e que podería realizarse no 2018.
 - Bolsa para especialización en Propiedade Intelectual: plantexamos a idea de que a XUNTA subvencione unha bolsa en colaboración coa Facultade de Dereito, para que estudantes desta especialidade ofrezan servizos a AGPI e incluso, de estar interesados, a outras asociacións de creativos de Galicia. A intención é ter asesoramento gratuito, e que os socios poidan contar cun avogado especializado para poder afrontar litixios.
- COLABORACIÓN COA A XUNTA DIRECTIVA
 - BERNAL PRIETO preséntase para coordinar o proxecto de Renovación da WEB.
 - MANEL CRÁNEO preséntase para comezar a traballar no proxecto de Bolsa para a especialización en Propiedade Intelectual.
 - SANTY GUTIÉRREZ postúlase para traballar na xestión de asuntos relacionados coa FADIP e tamén para redacción de comunicados.
 - MIGUEL CUBA presentase como voluntario para axudar, sen concretar ningunha labor.
 - MARÍA RUÍZ presentase como voluntaria para axudar, sen concretar ningunha labor.
 - DANIEL RODRÍGUEZ (Lizartonne) presentouse vía mail como voluntario para axudar coa redacción de comunicados e o traballo de redes sociais.

A ASAMBLEA FINALIZOUSE AS 19:30 H